

Non haberá illa, pro hai o nome

Homenaxe a Antón Palacio

Editores:
Xose A. Fernández Salgado
Aquilino S. Alonso Núñez



Universida de Vigo

Servizo
de publicacións

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

NON HABERÁ ILLA, PRO HAI O NOME

Homenaxe a Antón Palacio

EDITORES

Xosé A. Fernández Salgado
Aquilino S. Alonso Núñez

2019

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións

HOMENAXES DA UNIVERSIDADE DE VIGO, Nº 11

Edición

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo
Edificio da Biblioteca Central
Campus de Vigo
36310

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2019
© Edición ó coidado de Xosé A. Fernández Salgado e Aquilino S. Alonso Núñez
© Os autores, dos seus textos



Esta editorial é membro da UNE, o que garante a difusión e a comercialización das súas publicacións a nivel nacional e internacional.

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

ISBN: 978-84-8158-818-7

Dep. Legal: VG 433-2019

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.



Antón Palacio Sánchez

Gutor, Babarón e Trapobana son tres illas que non hai, i están entre Bengala e illa Java. Gutor nunca se viu, e non se sabe quen a bautizou, pro a oitenta légoas de Canbetún hai que dar unha virada a S.E. pra pasala, e os que se rin de nós, os señores pilotos de Arabia, por faguer esta reverencia, non se decatan de que non haberá illa, pro hai o nome e o erre en que remata é rasgueado, e poderá non chocar un coa illa, pro pode perderse contra o nome, que ese ninguén o nega.

ÁLVARO CUNQUEIRO
Se o vello Sinbad volvese ás illas

ÍNDICE

- 11** Limiar
17 XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Antón Palacio, filólogo de vocación e estilo
31 AMPARO SOLLA GONZÁLEZ
Amor pola palabra

ESTUDOS DE LINGUA

- 39** AQUILINO S. ALONSO NÚÑEZ
Os numerais e os indefinidos nunha fala galega
55 ROSARIO ÁLVAREZ / ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE
Os fragmentos en galego do *Desempeño de un empeño* (1771),
de Benito A. Godoy Figueroa
73 INMACULADA C. BÁEZ MONTERO
¿Una nueva ortografía?
85 ANA IGLESIAS ÁLVAREZ
A importancia da oralidade no ensino-aprendizaxe da lingua galega
97 RAMÓN MARIÑO PAZ
O cambio *dizes* > *dis*, *diz* > *di*, *dizen* > *din* nas fontes do galego medio
115 ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA
A lexicografía galega e os marcadores discursivos reformuladores
133 XOSÉ SOTO ANDIÓN
Dous papeis semánticos en contraste: *portador de estado e situado*

ESTUDOS DE LITERATURA

- 149** ANA ACUÑA TRABAZO
As cartas de dona Virxinia Pereira Renda á familia de Ramón Otero Pedrayo.
Un epistolario do íntimo e do exilio
161 ANXO ANGUEIRA
Rexurdimento e romanticismo
173 BURGHARD BALTRUSCH
Crítica dunha tradución esquecida: José Angel Valente en portugués
187 BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO
Ensaio biobibliográfico sobre Avelino Díaz

- 223** MANUEL FORCADELA
Sobre o rostro do pai e os espellos perversos. Unha lectura de *Xoguetes para un tempo prohibido* de Carlos Casares
- 245** CARLOS NOGUEIRA
As teorías barroca e neoclásica da sátira em Portugal
- 263** CAMIÑO NOIA
A alimentación nos contos tradicionais
- 281** XOSÉ LUÍS SÁNCHEZ FERRACES
«O Erro e a Sombra existen-Me». Mario de Sá-Carneiro cara á dispersión total
- 303** DOLORES TRONCOSO
Galdós, Portugal e *La Prensa* de Buenos Aires

ESTUDOS DE ONOMÁSTICA

- 317** XESÚS ALONSO MONTERO
Noticias sobre vinte e sete pseudónimos meus, algúns deles heterónimos
- 331** XOSÉ BIEITO ARIAS FREIXEDO
Tres cantigas en clave onomástica
- 343** ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
A toponimia galega en branco e negro
- 367** XOSÉ-HENRIQUE COSTAS
A toponimia ameazada da *Galicia exterior*
- 387** VÍCTOR FRESCO BARBEITO
Transliteración de topónimos de Libia
- 411** XOSÉ M^a LEMA SUÁREZ
De Santa Sía a Santa Sía de Roma, un posible engadido onomástico (e non toponímico) de finais do século XVI
- 415** LUZ MÉNDEZ
Apelidos foráneos en Galicia
- 433** GONZALO NAVAZA
Santa Baia das Donas de antano. Notas etimolóxicas
- 445** ANTÓN SANTAMARINA
Edición dun «Fragmento dun caderno de toponimia atribuíble a J. Cornide»

OS FRAGMENTOS EN GALEGO DO *DESEMPEÑO DE UN EMPEÑO* (1771), DE BENITO A. GODOY FIGUEROA

Rosario Álvarez / Ernesto González Seoane

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela
rosario.alvarez@usc.es / ernestoxose.gonzalez@usc.es

Os textos que presentamos nesta contribución son tres fragmentos en galego inseridos na carta terceira da obra *Desempeño de un empeño, y methodo particular para un nuevo estilo de cartas*. A peza, manuscrita e datada en 1771, está incluída nun volume facticio que, baixo o título *Papeles varios*, reúne varias obras de diferentes autores, todas elas do século XVIII.

O primeiro destes fragmentos é unha breve anécdota de carácter humorístico en forma de diálogo, presentado en estilo directo, entre un rústico e un doutoral, á sazón xa bispo. O segundo, máis breve, reproduce a resposta que dá Felipe Tenorio cando, derrotado por Pedro Madruga, conde de Caminha, este lle ofrece un trato. Finalmente, o terceiro fragmento é unha décima de natureza satírica, atribuída de xeito un tanto enigmático a «cierta musa gallega, feligresa del Pindo, más allá de Noya, en la altura de Currubedo».

1. O volume *Papeles varios*

A peza en que se insiren eses tres fragmentos leva por título completo *Desempeño de un Empeño, y methodo particular para un nuevo estilo de Cartas, sacado a luz en la segunda de las siguientes, à expensas de las libertades de un Frayle; a las que, en traje*

de felpa larga, aforrada en baieta de palencia, responde el Interesado, desempeñando la obligacion de agradecido, en estopilla de ôlanda, a merzed de un sobretodo Canela, e forma parte dun volume encadernado en pergameo que se custodia na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (Ms. 709). No seu lombo figura o rótulo *Papeles Varios*.

O volume é unha compilación de textos de natureza diversa, manuscritos e impresos, datables maioritariamente entre 1764 e 1776. Entre outras pezas, o volume inclúe a *Respuesta satisfactoria que da a un ingenio napolitano Fray Miguel Hualde...* (Madrid, 1765); as *Reflexiones a la obra intitulada Justa repulsa de iniquas acusaciones...*, copia manuscrita sen data, a partir da de Madrid 1749; varios impresos do cura de Fruíme e autores que polemizaron con el, datables entre 1759 (exaltación de Carlos III) e 1776; Fr. Juan Varela de Puga, *A todos los religiosos de dicha nuestra Provincia...* (impreso; s.l.: 1755?¹); *Desempeño de un empeño...* (ms., 1771); *Carta de el Autor, al Illmo. Sr. Dn. Francisco Alexandro de Bocanegra e Lamentaciones de Geremías...*, de Fr. Pedro Pacheco y Padilla (Granada; ms., 1768); *Granada Primitiva: compendio histórico del descubrimiento de monumentos antiguos en la Alcazaba de Granada*, por Juan de Flores (ms., ca. 1765-67); *Bejamen, que celebrò la insigne, real, e imperial Universidad de Letras de esta ciudad de Granada*, de Juan Velasques de Echeverría (Granada, 1770); finalmente, o manuscrito *Loa para introducción de la Comedia Los Votos de Santiago y Batalla de Clavijo que en honor del Invicto... el día 25 de julio de este año de 1764* (no verso da folla inicial figura a frase «Dr. Gondar Ch^e», que relaciona o opúsculo co chantre Andrés de Gondar).

No recto da primeira folla de garda figura esta nota: «El Seminarista Lopez de Noya leió este libro intitulado papeles varios y no encontró cosa que fuese contra la fee, aunque algunas muy divertidas, pero que conducen para el trato comun y cibil»; segue unha rúbrica que se repetirá, dentro do volume, no recto dunha folla en branco que pecha a nosa peza. No verso da folla de garda, coa mesma caligrafía, «Seminario Conciliar de Santiago», facendo ver que pertence a este centro, fundado en 1829 sendo arcebispo frei Rafael de Vélez. Nada nos din estas anotacións sobre a confección do volume, salvo que o libro xa existía como tal cando foron escritas, ben cando foi parar á biblioteca do Seminario Conciliar ben durante algunha comprobación posterior acerca da ortodoxia dos fondos bibliotecarios.

O criterio da compilación de *Papeles varios* non garda relación nin coa temática, nin coa nómina de autores, nin coa tipoloxía textual dos textos que a integran. Parece reunir pezas dun tamaño similar (en cuarto, aprox. 21x15 cm) dun breve período cronolóxico, probablemente determinado pola incorporación a unha biblioteca particular. Algunhas delas pertenceron con certeza ao arcebispo Francisco Alexandro Bocanegra Xibaja (natural de Santa Cruz de Marchena, Almería), que, tras

¹ Estoutra data figura na ficha correspondente á peza no catálogo da BUSC.

ser bispo de Guadix e Baza (Granada), ocupou a sé compostelá entre 1773 e 1782, data do seu falecemento, e debían formar parte do seu arquivo e biblioteca persoais cando se trasladou de Granada a Galicia; sucedeu no cargo a Bartolomé de Raxoi (1751-1772), que a todas luces é o doutoral, logo bispo, do primeiro fragmento que nos ocupa. É verosímil, logo, que o volume se compilase nesa altura na sé da mitra compostelá e que de aí pasase, andado o tempo, á biblioteca do Seminario Conciliar.

Todas as pezas que integran o libro están escritas en español, salvo as tres pasaxes en galego do *Desempeño de un empeño* que constitúen o obxecto deste traballo.

2. Desempeño de un empeño...

Desempeño de un empeño é unha obra manuscrita copiada integramente pola mesma man a pesar de que nela se cruzan cartas de dous remitentes, o autor da compilación (e probablemente da copia), don Benito Antonio Godoy Figueroa, e Fr. Gregorio Escudero. O texto completo ocupa 106 pp., en follas escritas por ambas as caras; escritura pulcra, con marxes ben trazadas, boa caligrafía e uso de subliñados ou corpo maior para marcar frases ou palabras que o autor, Godoy Figueroa, quere destacar; non numera as páxinas, pero si os pregos que dobra en cuartos, con arábigos no ángulo superior esquerdo na cara de inicio. O seu esquema é o seguinte:

- Título (p. 1)
- Carta 1^{a2} (pp. 1-4), escrita por Godoy en Briallos, o 25/8/1771.
- Respuesta. Carta 2^a (pp. 4-16), enviada desde Tenorio por Fr. Gregorio o 1/9/1771.
- Respuesta. Carta 3^a (pp. 16-91), remitida por Godoy desde Briallos o 30/9/1771. Contén unha «Disertación Analógica»³.
- Respuesta. Carta 4^a (pp. 91-97). De Fr. Gregorio, desde Tenorio, o 7/11/1771.
- Respuesta. Carta 5^a (pp. 97-106). De Godoy, desde A Coruña, o 2/12/1771.
- Rúbrica de Benito Antonio Godoy Figueroa (p. 106).

² No sucesivo citadas como C1^a, e así sucesivamente.

³ Desprovista das interpolacións punzantes dirixidas ao correspondente, e con algunha mutilación na parte final, foi publicada co título «Castillo de Tenorio. Sitio y rendición del mismo por Pedro Madruga» en *Galicia. Revista Universal de este Reino* VI-11 (1865), 173-175. Figura o nome do autor pero non o do editor; as notas ao pé son da redacción.

2.1. Os correspondentes

Benito Antonio Godoy Figueroa foi natural do lugar da Laxe, freguesía de San Pedro de Tenorio (Cerdedo-Cotobade), fillo de Diego Antonio de Godoy e Leonor Villarino Figueroa. Figura activo en 1799, segundo consta nun documento de concordia asinado no lugar de Rebón⁴ o 8 de marzo dese ano (A.H.U.S.: C.M. CONCORDIAS, Caj. 5, P. 11), pero a súa muller, Benita Paula Araújo e Vilariño figura como viúva en 1803, polo que debeu falecer contra o cambio de século (ES.GA.15030.ARG / 1.1.1.2.3.1.1. / / L.Caixa 7216-5). O matrimonio moraba na freguesía de San Cristovo de Briallos (hoxe no concello de Portas, xurisdición entón de Vilanova de Arousa), onde naceu o seu fillo Benito María Godoy Araújo (1790), segundo consta na información de limpeza de sangue deste como colexial electo de San Xerome (A.H.U.S.: S. XEROME, INFORMACIONES_COL,S.H.398,P.2,Exp.1). En 1791 Benito Antonio figura como xuíz da xurisdición de Vilanova de Arousa (ES.GA.15030.ARG / 1.1.1.2.3.1.2.12. / / Caixa 20129-61).

Acusado por Fr. Gregorio de avultar a súa nobreza adornándose con apelidos que non lle corresponden por liñaxe, esfórzase en exhibir currículo e en trazar o perfil biográfico e xenealóxico da súa familia. Iso dános interesantes noticias, sempre desde o seu punto de vista e do relato que quere facer de si mesmo:

como algunos escudos se ven en la casa y portal del lugar da Laxe, en donde he nacido yo, mis hermanos y ascendientes desde Felipe Tenorio de Godoy hasta la hora presente... (p. 59).

Soy hombre (que aunque con poco adelantamiento) he tenido algunos años de estudios mayores, hasta obtener [...] los primeros grados en uno y otro derecho; andube algunos años por el mundo, prófugo de patria en patria, sin arraigo ni domicilio como gitano [...]; gasté algunos años en el real servicio, con la distinción que prescribe un mediano nacimiento; anduve muchos países, traté diversidad de gentes y pajarracos; pisé diferentes estrados y antesalas en distintas cortes, de militar y de pretendiente; y por último llegué al corretaje de litigante, y no de docena, y sí de la aceptación que V. R. ha visto quando procurador de su religión en la curia de la Coruña (pp. 25-26).

que al señor Conde de Aranda le conozco y me conoce, como domiciliado que estoy en la Corte (p. 105).

⁴ Segundo consta no documento, na altura pertencía á freguesía de Santa María de Perdecanaí (no actual concello de Barro); hoxe a parroquia de Rebón (San Pedro), que ten entre outros lugares Rebón de Arriba e Rebón de Abaixo, pertence ao concello de Moraña. Son parroquias limítrofes, polo que é moi verosímil que se trate do mesmo lugar e que fosen alterados os límites xurisdicionais. Ambas as freguesías son, ademais, moi próximas á de Briallos.

Enumera polos seus nomes avós (todos con «don» e o apelido Godoy engadido) ata o quinto grao: fillo lexítimo de Diego Godoy, neto de Antonio Godoy, bisneto de José de Godoy, terceiro neto de Pablo de Godoy, cuarto neto de Pedro Solla de Godoy. Vincúlase cos Tenorio de Godoy e coa familia do marqués e señor de Tenorio, a quen despois das terras Pedro Madruga.

Este es mi *Reverendo Padre* (en Christo?, lo dificulto) el verdadero e idéntico árbol genealógico de este pobre *Cavallero* por línea recta de varón en varón sin intermedio de hembra, que V. R. ha figurado allá en el desván de los cascos usurpador del apellido de Godoy, que le supone postizo, como nieto de Pablo Solla (p. 46).

Na altura do intercambio epistolar Godoy xa ten unha filla. Cando Fr. Gregorio (C2^a) alude á dificultade de descendencia («en su padre don Diego Godoy empezó la casta, y acaso acabará en Vm.» (p. 11), Godoy responde a esa «grosera afirmativa» dicindo «como no tengo más que una hija, interesada por su sexo y por su estado en la muy favorecida de V.R., me pone en cuidado su vaticinio al amargo sentimiento que en mí se acabe la casta» (p. 70).

O «fraile» aludido displicentemente no título —e apelado como «meu frade» nun dos textos en galego— é frei Gregorio Escudero⁵, superior do mosteiro beneditino de San Pedro de Tenorio. No formulismo epistolar refírese a el como *Mi Reverendo Padre Abad* [saúdo da C1^a; como destinatario, *Reverendo Padre Maestro*] e logo como *Reverendo Padre Prior* [destinatario das C3^a e C5^a], no que semella unha propensión a rebaxalo non concedéndolle máis cá condición de *prior*, pois non é verosímil que don Benito Antonio descoñecese que o superior de Tenorio, aínda sendo este un mosteiro menor, tiña a categoría de *abade*.

Fr. Gregorio Escudero non é galego, condición que o seu correspondente usa en repetidas ocasións na súa contra: ignora os usos e costumes do país, está fóra da cultura de transmisión oral, fala sen coñecemento dos triunfos e brasóns de Galicia... Godoy non perde ocasión de opoñer a súa galeguidade en defensa das súas posicións.

⁵ É posible, pero non o podemos asegurar, que se trate do Fr. Gregorio Escudero da mesma orde que intervén neste conflito: «Todos los demás impresos afectan a conflictos en los que intervienen monasterios cistercienses y benedictinos. El gran monasterio benedictino de S. Martín Pinario es implicado por el patrono de la Capilla de Alba, D. Andrés Ballo de Porras, en un conflicto sobre la presentación de un beneficio curado que generó dos impresos de tendencia opuesta, uno de los cuales, del que se hicieron cien ejemplares por Fray Gregorio Escudero, fue retirado por orden del abad de S. Martín porque se consideró que era «contra la religión»» (Rey 1998: 312-313).

y porque quando V. R. tome el portante, no vaya pregonando (como manchego) por tierra de Campos) que [mi sangre] no es de la mejor que corre por el *RASTRO*⁶ de mi lugar (p. 45).

mas siendo V. R. en todo, y la Persona un manchego sin segundo (cerquita de Almagro para servir a Vm), como podía V. R. indagar la razón por que es la Galicia el primitivo fundo de la nobleza de Hespaña? (p. 47).

[Fronte ao recurso a coñecidos nobiliarios] porque los gallegos no gastamos de más reposteros que la satisfacción de ser conocidos unos de otros (p. 47).

fue víctima de la hoguera el precioso tesoro de los mejores papeles del Reino [...] (pérdida a que se puede atribuir el estar V. R. tan falto y tan fatuo en los antiguos blasones de este Reyno, muy diverso de la Mancha y de su Almagro, dignísima patria y cuna de Vuestra Paternidad Reverenda) (pp. 53-54).

el efecto del llamado libelo. [...] que con eso caerá del burro en que le puso caballero la viveza de su espíritu manchego; y prefiriendo a este el de religioso, se insinuará en todas fortunas manso y humilde (pp. 99-100).

No es estraño a todo manchego de las cercanías de Almagro el hacer alto en si proviene de macho o de hembra el apellido o descendencia de cualquiera. Yo como soy gallego, por los cuatro costados, por la gracia de Dios, no disputo en la materia (p. 101).

É curiosa a insistencia en facelo manchego das cercanías de Almagro, se callar polas reminiscencias que o topónimo ten en calquera lector de mediana cultura, en relación co Corral de Comedias ou con don Quixote. O caso é que, aínda que nunca replica a iso, Fr. Gregorio Escudero é de Mondéjar (Guadalajara), localidade situada na Alcarria e non na Mancha, e desde logo moito máis próxima á Corte (arredor de 11 leguas) que á vila de Almagro. A breve biografía que consta no abadoloxio de Tenorio (Zaragoza 1995: 282) infórmanos ademais do seu *cursus honorum* e da súa instalación en Galicia, antes e despois de ser abade en Tenorio (1769-73): predicador e profeso en San Martín Pinario, onde tomou o hábito en 1718⁷; prior de Santiago e Espinareda; procurador (1733) e arquivario de Santiago (1753-57); cura de Cis (Oza-Cesuras) e prior de Mezonzo (Vilasantar); vicario das beneditinas de San Pelayo de Oviedo (1745-53) e, con posterioridade ao desempeño en Tenorio, das de San Paio de Antealtares (1773-77). Entre 1765 e 1769 foi procurador xeral na

⁶ Adoptamos esta convención gráfica para representar o tamaño superior de letra marcado intencionadamente no orixinal.

⁷ A integración na sociedade santiaguesa queda patente na alusión aos esterqueiros de Aríns («porque lo demás, señor mío, es paja y podrida, buena para los esterqueros de Arines», p. 96), que non sería comprensible para quen non estivese familiarizado con esta ocupación tradicional nalgunhas terras da contorna agrícola compostelá.

Coruña, feito aludido por Godoy pois nesa altura trabaron coñecemento persoal. Deixou inéditos de obra propia (*Alfabeto para bien morir*), traducida do italiano (*Escuela del alma*, de Tomasi) e compendiada (*Arte de merecer mucho con pocas obras*, do P. Diego Malo de Andueza)⁸.

2.2. Contido

C1^a. Godoy escribe ao abade de Tenorio ameazando cunha querela diante do Real Tribunal (A Coruña) se non obtén xusta reparación nun desacato que lle fixeron na auga da Fonte da Moura, argumentando que a súa casa ten posesión dela desde hai cerca de douscentos anos.

C2^a. O abade responde tachando de tolo ou necio a quen lle deu a información que motivou a súa carta. Acusa o cuñado de Godoy, don Felipe Ximénez, de romper o pozo do Rigueiro no lugar da Cal (Tenorio), desviando a auga para as súas terras, e de ameazar aos veciños por non o apoiaren no litixio. Aduce que a auga nacida na Fonte da Moura e que discorre polos termos da Cal está baixo o dominio de San Pedro de Tenorio, con documentos que o demostran. Defende os dereitos do mosteiro e dos labradores fronte ao que considera abuso de poder dos actuais representantes da familia Godoy, cousa que nunca fixera o pai do seu correspondente, e a partir de aí eleva o ton da carta, gañando en acritude e mordacidade, con interpelacións directas ao «señor don Benito». Responde ás ameazas prepotentes de preito diante das máis altas instancias coa comparación de Godoy con «aqueel Caballero de la Triste figura, que ciego de su fatuidad, echando retos, fantástico a cada paso, trabó un desafío con dos Monges Benitos» (pp. 9-10). Cuestiona a antigüidade dos seus dereitos familiares e do propio apelido («el Apellido de Godoy, que Vm tiene, retrocediendo, paró en su Padre, porque el Abuelo de Vm se llamó Pablo Solla; y de aquí adelante todo es tinieblas» (p. 11) e opón a maior antigüidade probada dos documentos certos de Tenorio. Hai varias referencias literarias que logo serán retomadas por Godoy na súa dura e longa réplica.

C3^a. Na carta máis longa do conxunto Godoy replica de forma airada e nun ton que roza o insulto, a pesar das fórmulas protocolarias do inicio. O asunto da auga pasa a un segundo lugar. Arremete contra a formación literaria, erudición e crianza de Fr. Gregorio e loce o seu propio coñecemento da cultura clásica, con profusión de nomes, frases en latín e recurso ao refraneiro. Protesta alegando inocencia e

⁸ A pesar do que se afirma no mesmo lugar (Zaragoza 1995), non debe ser o mesmo Fr. Gregorio Escudero que «ordenó el archivo del monasterio de Montserrat de Cataluña, pues era muy competente en archivística y documentación». Esoutro Gregorio Escudero compuxo o índice entre 1719 e 1722, e morreu en Montserrat en 1724 (Altés 1994: 25).

contención na súa primeira carta, que non desdín o seu nacemento e boa crianza, a pesar do cal foi respondida con pouco decoro por quen non está á súa altura nin á do posto que ocupa. A mala crianza de Fr. Gregorio é, en última instancia, consecuencia do seu nacemento plebeo, pois «de todo buen principio pende el logro del correspondiente fin» (p. 18); e, á súa vez, explica que o abade, coa súa «singular» epístola, dea inicio «para un nuevo estilo de cartas» que «conservará la admiración en los archivos de la inmortalidad» (p. 19), e que el pasa a criticar con dureza e derroche de erudición. Nese contexto inclúe un par de contos —entre eles o de «Un cierto rústico» (pp. 37-39)—: coma neles, tamén no novo estilo epistolar de Fr. Gregorio, un percibe cortesía e boa crianza nas primeiras liñas, pensando que «V. R. venía caballero», pero logo aprecia a falta de educación e a baixeza de carácter do remitente. Con todo, cóidase moito en atacalo a el en particular e non «a su santa regla», paradigma de «decantada civilidad» (p. 32).

Responde con largueza ao asunto do seu nacemento, liñaxe e apelido: expón o seu currículo, arremete contra Gándara (citado como autoridade xenealoxista na C2ª)⁹, debulla a súa árbore xenealóxica... e lánzalle «por digresión, un cacho de historia» titulado «Disertación analógica» (pp. 48-61), destinada a contar a historia da súa linaxe, comezando canda a morte de Henrique IV e a defensa dos dereitos de Xoana, para mostrar como Pedro Madruga sitiou e destruíu o castelo de Tenorio, do que era dono e señor o seu devanceiro Gregorio Tenorio de Godoy, rompendo de forma ilexítima o vínculo da familia coa propiedade e señorío que lle correspondía por dereito inmemorial. Nese contexto está a segunda pasaxe en galego: son as palabras de resposta de Felipe Tenorio [de Godoy], derrotado e desposuído dos seus bens, a Pedro Madruga cando este lle ofrece un trato humillante para manter as terras. A historia apóiase na suposta tradición oral familiar para explicar por que se suspendeu o uso do apelido desde aquel momento e para xustificar a lexítima recuperación de «de Godoy» por parte de Pedro Solla de Godoy, pai do seu tataravó (nada di sobre «Tenorio»). E, con non menor importancia, para deixar caer que se dispón a demostrar con auténticos documentos que o mosteiro anda a mostrar como propio o soar familiar que lle foi usurpado; acusa aos antecesores do abade de destruír e retirar as sepulturas coas armas familiares, para así borrar canto podería ofrecer algún testemuño do seu principio.

⁹ «Y que a título de suficiencia citando autores genealogistas, que a cambio de pernils han feriado la pluma (tal fue su *Maestro* Gándara) desmienta a un hombre bien nacido la estirpe que le caracteriza?» (p. 43). «Que el *Maestro* Gándara no dijese más que, a secas, que los Godoyes tienen su alcurnia cerca de Pontevedra...; corra, que tal vez sería porque por algún accidente los Godoyes de aquel tiempo no le presentaron pernils y otros tomos de igual substancia (de que era apasionadísimo) con que lograron infinitos las inflamadas voces con que se extendió en elogio de sus solares» (pp. 65-66).

Si es que V. R. lo ignora (como todo lo demás) no dejará de saber [...] que a los marqueses de Tenorio debe su monasterio el serlo, con el nombre de Coto del Abad, Coto Abad y hoy Cotobad [...] mucho antes de las concesiones reales que obtuvo para su subsistencia (pp. 62).

Despois da «Disertación analógica», enchido de razóns e seguro da súa supremacía, o ton de Godoy faise aínda máis ferinte, con continuas alusións á falta de cultura e de empeño do abade no seu labor. Acusa o mosteiro de ser unha casa de lecer e a «varios y diferentes Bieitos» de asegurar a descendencia na freguesía (p. 70). Replica a varias expresións ou frases feitas usadas polo abade, porque lle parecen de baixo nivel ou por lles querer dar a volta; entre elas, «aún falta el rabo por desollar» dá pé a un extraño texto en forma de diálogo durante un xogo de cartas, coa palabra *rabo* de forma recorrente, ao final do cal inserta o terceiro dos textos en galego, unha décima que interpela o «frade» e rematada en «rabo» (p. 80).

C4^a. Fr. Gregorio responde «en medio pliego de papel, y a vuelta de correo» á anterior, «que pasa de carta a libelo de cinco pliegos y medio» (p. 91). Dá resposta concisa, non exenta de retranca, «a lo que es merecedor de ella», «porque lo demás, señor mío, es paja y podrida, buena para los esterqueros de Arines, y estimaré que Vm no tome el trabajo de repetir nueva respuesta, para no desperdiciar el tiempo» (p. 96). Para rematar, na posdata, engade retranqueiro: «¿Es posible que en cinco pliegos y medio, de letra bien metida, no hubo lugar de responder al párrafo 9 de mi carta, que es el asunto del litigio, en que yo, francamente, dije los instrumentos que hay para el uso del agua, y que lo eche en olvido? ¡Raro descuido!» (p. 96).

C5^a. Godoy afirma que lle deron ganas de nin responder, pero que o fai obrigado por ser pública a contenda epistolar. Admite que pasou de carta a libelo, pero xustifica a necesidade e tamén a lonxitude: «pero alomenos se conoce el efecto del llamado libelo. No esperaba menos: por fin al golpe de mis razones vislumbró V. R. la ninguna que tuvo para el desatino de insultarme» (p. 99). Seica non lle respondeu ao da auga porque «su monasterio no es parte ni arte en el asunto» (p. 102). Volve presumir (e ameazar) coa súa relación co Conde de Aranda, á sazón Presidente do Consejo de Castilla. En fin, dáse por satisfeito, facendo coma quen que non captou a ironía da segunda carta do abade.

2.3. Título

O substantivo *desempeño* debe ser entendido como ‘proba, confirmación dalgunha narración ou discurso’ e como ‘cumprimento dunha obriga (o *empeño*)’, mais tendo en conta os continuos xogos de palabras que adornan o texto e o ton empregado nel polo responsable do título, non é descartable que tamén estea presente o menos común «acto de satisfacerse el toreador del desaire que por algún accidente ha

recibido en el toreo» (DRAE 1732¹⁰). Entre as varias acepcións de *empeño* que fan ao caso cómpre non esquecer a de «obligación en que se halla alguno constituído, de volver en sí una cosa que toca à su pundonor, hasta salir bien del lance» (*ib.*).

O sintagma *methodo particular para un nuevo estilo de cartas* alude á desconformidade co estilo adoptado polo abade, que a Godoy lle parece fóra das regras da cortesía epistolar, unha eiva atribuída ás carencias culturais do bieito, sexa por nacemento sexa por falta de educación. Na mesma liña vai *sacado a luz en la segunda de las siguientes à expensas de las libertades de un Frayle*, o seu correspondente.

Por último, tras *traje de felpa larga aforrada en baieta de palencia* etc. non hai que ver só as denominacións dos tipos de tecido mencionados; é máis importante o dobre sentido con que xoga o autor, pois tamén se chama *felpa* «en estilo jocoso la zurra de palos que se dá à alguno» (DRAE 1732) e a baeta escollida, non o esquezamos, non é a afamada de Segovia, por acaso, que non tería graza ningunha, senón a que suxire os paus da somanta que está convencido de que lle deu (de *palo*, *palencia*, con minúscula no texto); no mesmo sentido vai *estopilla* (por máis que se acompañe de «de Holanda»).

Al llamarme V. R. tan sufocado, resonando acá el eco, no puedo menos (por no constiparme) que responder en traje de *FELPA LARGA* aforrada en bayeta de *PALENCIA* para satisfacer a todos los particulares de su mui favorecida [...] (C3^a, p. 30).

agradecería el disimulo mío viendo a V. R. nuevamente acreedor a otra nueva somanta (C5^a, p. 103).

Canto a *canela*, situado ao final, probablemente teña a intención de suxerir a interxección *canela!* 'espléndido'.

2.4. Motivo

Na reunión do conxunto epistolar hai un propósito de difusión e de publicidade. As cartas revelan que Godoy ten esta intención desde os inicios; por parte, el é quen finalmente o compila e o difunde. É probable que unha copia fose enviada ao pazo arcebispal, probablemente ao arcebispo Raxoi (1751-1772), e por iso chegou a formar parte do volume facticio.

Ao final da C2^a, Fr. Gregorio di: «He sabido con admiración que Vm remitió la carta abierta, para que se le leyese a los interesados: el fin Vm lo sabe, y yo no lo ignoro; y que se han esparcido copias, que hubiera sido más asentado suprimirlas porque el original nada tiene más que hinchazón y vanidad» (pp. 15-16). E máis

¹⁰ Todos os dicionarios da RAE foron consultados a través de NTLLE.

tarde (C4^a), «el envío de la carta abierta, para que la lean los labradores y supiesen la azotina que me daba, ¿era para alborozo o para sosiego?» (p. 92).

Godoy non desmente nin o feito de ser pública a confrontación nin a súa intervención na difusión: «condescendiera a no contestarle, si no me estimulase la justa reflexión de que [es] pública nuestra epistolar contienda» (p. 97). «No obstante el mérito de V. R. queda todo en este papel, libelo o quod-libeto» (p. 70, refírese á súa C3^a). Mais tamén deixa caer que non faltou publicidade pola parte contraria: «y en esto pasó todo mi sentimiento hasta que me le avivó para el pasado juguete [refírese á C3^a] el bando que (con un cuarto al pregonero) se intimó de público, en la dispersión de tantos ejemplares de una y otra producción, que me hizo la forzosa, para satisfacer en iguales términos» (p. 100), «sino también en haber dado al público su piadosa producción, tan satisfecho de su fazaña que...» (p. 102, a pesar de que na súa Fr. Gregorio afirmase «queda solo en este papel»), «que, habiendo quedado original en su poder para la dispersión de tantos ejemplares en todas las ciudades y villas del Reino es por demás, el que yo le diga lo que ella está publicando» (p.104).

3. Os fragmentos en lingua galega

3.1. Edición

Ofrecemos a seguir unha edición dos tres fragmentos en galego inseridos na *Carta Tercera* da peza. Nesta presentación optamos por unha transcripción bastante conservadora dos textos, con mantemento da ortografía e acentuación orixinais¹¹. As nosas intervencións limítanse á regularización da puntuación e dos signos de interrogación e admiración, así como do uso de maiúsculas e minúsculas e da unión e separación de palabras. Desenvolvemos tamén as abreviaturas, marcando en cursiva os grafemas inseridos.

3.1.1. *O rústico e o doutoral*

[36] Boy à ziscar un [37] quento, que ahorita, aora, aora mis|mo se acaba de apear en el zaguan de | la memoria, que viene pintadito al | caso. |

¹¹ En *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* ofrecemos unha multiedición destas pezas, con reprodución facsimilar, transcripción paleográfica e edición interpretativa.

Un certo rustico (como *Vuestra Reverencia* sabe, | hay muchos en todas partes) fue al | estudio de *nuestro* actual *Ilustrísimo*, siendo | doctoral de su *Santa* Iglesia, a pedir un | dictamen *sobre el derecho* a una hazienda de | un causante, tío ô pariente suyo; y, | en su language gallego, le propuso:

—Mi | señor, eu destes è estos bens represento | este e este dereito. ¿Que lle parece a sua | merzede? ¿Herdarey?

—Si, hombre. Here|das —le respondio Su *Ilustrísima*. Añadio | el rustico (como *Vuestra Reverencia* se haga buen car|go, le ha de gustar el quento):

—È, mi señor, [38] ¿si se ôpon meu primo N. e diz que | tamen representa este è este dereito? |

—Dime —le preguntò Su *Ilustrísima*—, ¿lo prov|ará?

—Si, mi señor —respondio el tal. |

—De esa forma no heredas —le dijo Su *Ilustrísima*—, | pero puedes seguir tu *derecho*, que ese ôtro | ô se opondrà ô no se opondrà; y quando | que se oponga, podras esforzarle por | esta y esta razon.

Se quedò un poco sus|penso el bueno de mi rustico, y a medio | inclinar de el cuerpo *sobre el cayado que* | trahiya en la mano, respondio con | mucha gracia:

—Mi señor, sua merze | por un lado me-erda, e por outro me | deserda. Doulle ao demo o preito; non | lle quero mais de el.

Viro de bordo, tomò [39] la puerta, y su *Ilustrísima* quedo reventando | de risa.

3.1.2. Resposta de Felipe Tenorio

[57] Prendida la fortaleza mandò el | conde quemarla, y demolerla de el todo. | El Phelipe Thenorio se retirò a unas peñas | inmediatas, que en gallego se llaman | *laxes*, en donde fabricò una especie de | choza ô tienda, en la *que* le visitò el tirano | [58] y le propuso que respecto ni el ni sus her|manos tenian culpa de la resistencia | de su *padre*, Gregorio Thenorio de Godoy, y | de su primo, el *señor* de Pazos de Proben, le res|tituyria sus tierras por foro de diez *maravedís*, | a que le respondio Phelipe por formales pa|labras:

—Eu pagar feudo à outro... À | menos que non sexa millor que eu, | mais ben quero morrer como estou. |

Y asi se quedò, viuio, y murio en su tienda, | y mandò a sus hijos que de alli adelante | ni ellos ni sus descendientes se apellidasen | Thenorio de Godoy, sino que tomasen su | apellido de el sitio que los hauia aluergado, | que eran las peñas ô *laxes*. (Y de ahi es | la ethimologia de el lugar *da Laxe*).

3.1.3. *Décima xiringatoria*

[79] Pero pase la mano, [80] | pues vasta (haziendose cargo *Vuestra Reverencia*, que | lo dificulto) el que se presente zierta musa | gallega, feligresa de el Pindo, mas alla de Noya, | en la altura de Curruvedo, a los correspondientes grados de el polo antartico | en obsequio de *Vuestra Reverencia* con el siguiente jeringatorio, | para que *Vuestra Reverencia* abra el ojo y procure obrar | bien:

¡Ende mal non falás rouco!,
mais eu à tanto desfacho,
como dixo ô ôutro, a macho
que hè lerdo, arrieiro louco.
Por moito que eu malle, hè pouco;
que a quen do principio aò cabo,
sin fazer caso do crabo,
tàs peras tira, meu frade,
conven (xiquera àsemade)
que lle zorreguen ô rabo.

3.2. Comentario

1. O primeiro dos fragmentos corresponde a unha anécdota na que se refire unha consulta legal que un rústico formulou ao arcebispo Raxoi cando este ocupaba a dignidade de doutoral. O sucedido preséntase en forma dialogada, en estilo directo. As intervencións do narrador e os parlamentos do doutoral están redactados en castelán, mentres que os do labrego son reproducidos «en su lenguaje gallego». O texto ten unha intencionalidade inequivocamente humorística e explota o contraste entre a actitude cautelosa e desconfiada do labrego, que recea da xustiza, e a franqueza e espírito didáctico do doutoral, que malia os seus esforzos non consegue aclarar as dúbidas legais do paisano. A facecia remata co que debe interpretarse como un recurso anfibolórico, tamén de finalidade humorística (*me-erda* ‘me herda’ / ‘merda’).

Esta contraposición entre un labrego, representado de xeito esquemático e estereotipado como un individuo resabiado, desconfiado e inclinado aos litixios, e un personaxe de superior cultura ou extracción social, que o escoita e trata de alleccionalo, constitúe un motivo recorrente ao longo da historia da literatura galega. Sirvan como exemplos, nas primeiras décadas do século seguinte, pezas coma o *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo* (1823), de Pedro Boado, ou a coñecida como *O preiteante galego*, que coñeceu tamén diversas versións desde os anos 30 de século XIX (cf. Mariño 2008:

411). Bastante semellantes son tamén algúns dos diálogos xocosos que Mirás inclúe nos apéndices do seu *Compendio de gramática gallega*.

2. A segunda das pasaxes é, como queda dito, a frase lapidaria que Felipe Tenorio pronuncia como resposta ao Conde de Caminha, Pedro Madruga, cando este, despois de derrotalo e de ordenar o derrubo da súa fortaleza, lle ofrece restituírlle as súas terras a cambio de que se converta en foreiro seu. O breve parlamento, referido tamén en estilo directo, pretende ter o ton solemne («por formales palabras») de quen antepón a dignidade persoal ao benestar material. Así, Felipe Tenorio prefere seguir vivindo na «choza o tienda» na que se refuxiara despois da derrota e renuncia mesmo aos seus ilustres apelidos, Tenorio de Godoy, para adoptar o máis modesto da Laxe, correspondente ao lugar en que constrúe a súa nova morada.

3. Finalmente, o terceiro dos textos é un poema de contido un tanto críptico, pero de ton inequivocamente satírico. En calquera caso, o destinatario é alguén que merece unha boa malleira, sexa en sentido material ou figurado («por moito que eu malle, hè pouco»), pois non merece outra cousa («conven [...] que lle zorreguen ô rabo») alguén que é manifestamente necio («quen [...] tàs peras tira»), imprudente («sin fazer caso do crabo») e obstinado («do principio aò cabo»).

Este carácter enigmático do poema vese reforzado pola atribución da súa inspiración a «zierta musa gallega, feligresa de el Pindo, mas alla de Noya, en la altura de Curruvedo». Aínda que a localización é precisa (O Pindo), o autor refórzaa con outras indicacións que, cando menos en aparencia, parecen servir de punto de referencia para facilitar a ubicación no espazo. Sorprende, en todo caso, que, aínda que nun caso a referencia empregada é unha vila coñecida (Noia), no outro se trate dunha aldea rural e remota do concello de Mazaricos (Corrubedo, parroquia de Coiro), situada ao NW de Noia nas inmediacións do Pindo. Á vista das indicacións xeográficas, semella que o autor se sitúa ao sur de Noia («mas alla de Noya»).

Canto ao aspecto formal, cabe sinalar que se trata dunha décima espinela, formada por dez versos octosílabos, ben medidos, de rima consonante abbaaccddc. Desde a súa creación por Vicente Espinel a finais do século XVI, a espinela axiña se converteu nunha estrofa moi explotada na literatura culta española, especialmente nos séculos XVII e XVIII, para a poesía satírica e epigramática, como é o caso que nos ocupa. Non obstante, ten sido empregada, tamén na literatura culta, para tratar temas de moi diverso tipo e moi diferentes subxéneros (líricos, narrativos, poesía sentenciosa, pranto funerario, poesía relixiosa etc.). Ademais, tanto en España coma en Portugal e Latinoamérica experimentou un proceso de folclorización, que a converteu en estrofa habitual na poesía popular e rural e, en particular, nalgúns xéneros improvisados coma o desafío (cf. por exemplo Trapero 2001).

3.3. Aspectos lingüísticos salientables

Cando aos aspectos lingüísticos, cómpre advertir que os textos, pola súa brevidade, non ofrecen moitos elementos dignos de comentario. Polo demais, o escaso número de exemplos tampouco permite tirar conclusións moi firmes ou definitivas.

No plano gráfico, á parte do esperable grao de inseguridade e vacilación, que por outra banda se aprecia tamén nos textos en castelán, cabe salientarse o emprego regular das grafías <ll> e <ñ> para representar as consoantes palatais lateral e nasal (*lle, malle, millor; señor*) e, no segundo e terceiro dos fragmentos, do grafema <x> para representar a prepalatal fricativa resultante, respectivamente, do enxordecemento dunha antiga consoante sonora (*laxe, sexa*) e da palatalización dunha fricativa alveolar xorda (*xiquera*). A isto pódese engadir o uso, posiblemente con finalidade diacrítica, de <h> na terceira persoa de singular do presente de indicativo do verbo *ser* (*hè*). En calquera caso, cómpre advertir de que esta última é unha práctica moi frecuente nos textos galegos da Idade Moderna, e tamén nos do século XIX. Así, das 294 ocorrencias da terceira persoa de singular do presente de indicativo de *ser* que se rexistran en *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*, 86 corresponden a formas con <h> inicial: *he* (47), *hé* (27) e *hè* (12). Outro aspecto gráfico salientable pode ser a non representación da contracción entre a preposición *a* e o artigo masculino (*ào*), que rexistramos nunha ocasión no terceiro fragmento.

No plano morfolóxico, os textos presentan unha serie de formas que, consideradas en conxunto, delatan a súa procedencia centro-occidental. Así ocorre cos plurais *bens* e *tàs* 'tales', coa forma *falás* para segunda persoa de plural do presente de indicativo de *falar*¹² ou con *sexa* como forma de subxuntivo de *ser*. A elas poderíanse engadir as variantes *moito* (fronte a *mucho, muto...*), *fazer* (fronte a *faguer*) ou *este* (fronte a *iste*). Por outra banda, *diz* como forma de terceira persoa de singular do presente de indicativo de *dicir* probablemente deba interpretarse como unha mostra da subsistencia dunha forma antiga¹³.

Outro trazo sobre o que cómpre chamar a atención é a aparición, no primeiro dos fragmentos, dun dativo de solidariedade, na súa forma de cortesía («non lle quero mais de el»), un exemplo que engadir ás mostras non moi abondosas que se

¹² Para a distribución actual destas formas, cf. Fernández Rei (1990: 89-90) e ALGa I,1 (mapas 2 e 46). Na actualidade estas solucións están confinadas no extremo occidental da provincia da Coruña. Non obstante, a súa presenza nos textos da Idade Moderna (cf. corpus *Gondomar*) e do século XIX, así como nos textos gramaticais do século XIX (cf. González Seoane 1992: 540-548), indican ben ás claras que a súa distribución era sensiblemente maior.

¹³ De todos os xeitos, no corpus *Gondomar* aínda se poden comprobar 5 rexistros entre 1697 e c.1750.

rexistran nos textos galegos da Idade Moderna a partir dos primeiros anos do século XVII (cf. Álvarez / González Seoane 2016: 132-133). Neste mesmo primeiro fragmento, paga tamén a pena detérmonos sobre as formas de tratamento empregadas polo labrego para se dirixir ao doutoral. Trátase, por unha banda, da expresión *mi señor*, cunha forma de posesivo de respecto *mi*, empregada como vocativo nas súas catro intervencións no diálogo.

Polo demais, o labrego emprega a expresión *sua merzede* ou *su merze*, con verbo en terceira persoa. De acordo coa caracterización de Correas na súa *Arte Kastellana*, «con *merzed* hablamos a las personas de rrespeto, como xueces, eclesiasticos, cavalleros, damas, i gente de capa negra, i es lo mas despues de *señoría*» (Correas 1627: 194). En principio, a frase nominal adoptaría o posesivo de segunda persoa de plural (*vosa mercé*), pero axiña xurdiu unha forma concorrente *súa mercé*, con posesivo en terceira persoa. Sempre de acordo coa percepción de Correas, esta última solución era característica da fala dos aldeáns: «A este modo dizen los aldeanos *su md.* por *vuestra merced*» (Correas 1627: 195). Os exemplos do noso texto parecen corroborar a apreciación do gramático español, como tamén o fan algúns exemplos análogos que rexistramos en textos galegos da Idade Moderna, como a carta a Gondomar remitida por San Juan de Amorín, o seu caseiro (1605), ou os parlamentos con que a lavandeira se dirixe ao peregrino no *Diálogo da lavandeira e o peregrino* do Cura de Fruíme (1777) (cf. estes textos no corpus *Gondomar*).

Finalmente, cabe tamén salientar o emprego, no segundo dos fragmentos, da forma recta do pronome persoal de primeira persoa de singular (*eu*), no canto da forma oblicua *min*, no segundo termo dunha expresión comparativa: «à menos que non sexa millor que eu»¹⁴.

4. Cabo

Somos conscientes de que, por máis que o motivo e a intención do *Desempeño de un empeño* sexan bastante claros, quedan aínda por dilucidar diversos elementos relativos aos fragmentos en galego, e de maneira particular á críptica *décima xiringatoria*, cuxo contido referencial segue sendo un enigma. Desde o punto de vista lingüístico, resultan tamén escuras algunhas das expresións empregadas nela que, pmalia ter aparencia de locucións ou expresións fixadas, non atopamos rexistradas en ningures (*non facer caso do cravo, tirar peras*), fronte a outras (*a macho que hè*

¹⁴ Outra interpretación posible, menos espontánea, implica *que* explicativo: «À menos que non sexa millor, que eu mais ben quero morrer como estou». En ambos os casos *non* é negación expletiva.

lerdo, arrieiro louco, zorregar o rabo) que si teñen un significado transparente ou coñecido¹⁵.

Por outra banda, do mesmo xeito que boa parte dos testemuños escritos do galego ao longo da Idade Moderna, os textos que aquí damos a coñecer e editamos non destacan precisamente pola súa calidade literaria. En calquera caso, o seu valor non radica niso, senón na súa condición de mostras reveladoras de prácticas escritas cuxo coñecemento resulta fundamental para compoñer a historia social da lingua galega, así como de testemuños lingüísticos que nos permiten reconstruír, coa base factual que só proporcionan os datos, o proceso de conformación do galego moderno.

Referencias bibliográficas

- ALGa I = García, Constantino / Santamarina, Antón (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal* [coord. F. Fernández Rei]. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- Altés i Aguiló, Francesc Xavier (1994): «La configuració de l'antic arxiu de Montserrat (segles XVI-XVIII)», *Revista Catalana d'Arxivística* 8, 19-36.
- Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (2016): «Iluminar los *Séculos Escuros*. Gondomar, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna», en J. Kabatek (ed.), *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberorrománica*. Berlín: De Gruyter, 115-136.
- Correas, Gonzalo [1627]: *Arte Kastellana*. Edición de Manuel Taboada. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Etxabe, Regino (2012): *Diccionario de refranes comentado*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Gondomar = Álvarez, Rosario / Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <<http://ilg.usc.gal/gondomar>>. [Consulta do 20/02/2019].

¹⁵ A primeira destas expresións é un refrán, do que se coñecen diversas variantes, moi difundido en español: *a macho lerdo, arriero loco; a asno lerdo, arrieiro logo; a asno modorro, arriero loco; a macho tonto, arriero loco* etc. O seu sentido, moi acaído para o noso poema, resúmeo Etxabe (2012: 17) nos seguintes termos: «Recomienda el castigo como método para conseguir que las personas de escasa inteligencia lleven a cabo las tareas que se les encomiendan».

- González Seoane, Ernesto (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón (ed.) (2008): *Papés d'emprenta condenada (I). A escrita galega entre 1797 e 1846*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñible en: <<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=69>>.
- NTLLE = Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española. Dispoñible en: <http://buscon.rae.es/NTLLE/SrvltGUILoginNTLLE>>. [Consulta de xullo de 2018].
- Rey Castelao, Ofelia (1998): «Producción impresa y promoción eclesiástica en la Galicia de fines del Antiguo Régimen», en A. Vigo Trasancos, *Cultura, poder y mecenazgo*. Santiago de Compostela: Universidade, 281-319.
- Trapero, Maximiano (2001): «La décima popular en la tradición hispánica», en Maximiano Trapero (coord.), *La décima. su historia, su geografía, sus manifestaciones*. Santa Cruz de Tenerife: Cámara Municipal de Évora / Centro de la Cultura Popular Canaria.
- Zaragoza Pascual, Ernesto (1995): «Abadologio del monasterio de San Pedro de Tenorio (1543-1835)», *Museo de Pontevedra* 49, 267-291.